



Malpica - Malpica de Bergantiños, 1980-03

Informante: Sebastián Rois Porto (marineiro, 64)

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina

162

Malpica. Marzo 1980.

♩ = 120

1) só-mo-las mu-lle-res que vi-mos com-pear os no-sos va-ca-ros
pa po-der eri-ar

♩ = 120

2) Bai-xou u-nha pest' a Mal-pi-ca veu fa-zer moi-tos es-ta-ghos
gu'hou-bo-u-nha che-a de po-bres que que-da-ron sin va-ca-ros

♩ = 86

4) Pe-ro moi prou-to bai-xou e-sa pes-te des-gra-cia-da
que lle qui-tou nas li-de-as sin a-di-an-tar-se na-da

♩ = 132

19) Po-la Ca-pe-l-la-na ta-mén o coi-dou has-ta cal-do
lim-po ó por-co lle dou

A terceira estrofa é igual á segunda. As estrofas 5.^a -

18.^a son iguais á 4.^a. A estrofa 20.^a é igual a 19.^a.

Ponteceso III,1,354. Sebastián 64.

L: 282.

*Transcripción orixinal de Dorothe Schubarth publicada no Cancioneiro Popular Galego, recollido por Dorothe Schubarth e Antón Santamarina, editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, no 1984.

ID#581

282

Sómo-las mulleres
que vimos comprar
os nosos bacaros
pa poder criar.

Baixou unha pest'a Malpica
veu facer moitos estraghos
qu'houbou unha chea de pobres
que quedaron sin bacaros.

Criába-nos con afán
con intinción de matar
a ver se par'o inverno
tiñan algo que salar.

Pero moi pronto bñixou
esa peste desgraciada
que lle quitou nas ideas
sin adiantarse nada.

Buscaron mil manciñeiros
que lle entenderan o mal
e dentro de poucos días
tiñan qu'ir pró areal.

Alí er'o cementerio
de cantos porcos morrían
non se paraba 'n Malpica
con tal cheirume qu'había.

Rezatabanll'a Atalaia
os Carreiros e Canido
as millores medicinas
foron as que dou Verdillo.

Enchíanlles de sal_lighera
e d'aceit'alghunha ghotá
varias cortadas no rabo
escarnizaball'a boca.

E qué decir de Carral
estando tan separado
tan retirado do mundo
enfermoull'o seu bacaro.



ID#581



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Anque era un animal
tiña-no ben respetado
con melgha seca por baixo
e por riba un encerado.

Un día estando comendo
foi o pequeno mirar
levantoull'o encerado
non o vío esparnear.

O rapaz tod'asustado
a Carral llo foi decir
e Carral collío o libro
axudouno a ben morir.

A nai decía “Adiós porco”
Os fillos: “Adiós rinchóns,
que queríamos comé-los,
quedamos cas intincións”

E Delores da Carrilla
vend'o seu porco morrer
doulle varias lavativas
sin saber qu'iba facer.

Un día cun xiringazo
non se soupo entender
quedoull'a xiringa dentro
non ña pudo coller.

Dispói-la pobre muller
tuvo que determinar
de meter o dedo dentro
empezou de cachear.

E Blanco da Atalaia
tamén ñe pasou así
abriull'a ghorxa ó medio
a ver se o tiña alí.

O porco morrío co mal
ou porque quixo morrer
que non foi polo melghacho
qu'inda estaba sin comer.

ID#581

Pó-la Capellana
tamén o coidou
asta caldo limpo
ó porco lle dou.

Manoel de Dorinda
foi bañá-lo porco
levouno prá casa
e morreull' ó lombo.



**Museo
do Pobo
Galego**



instituto de
estudos das
identidades